

*Día Nacional
de Galicia
2023*

Contos tradicionais do Corgo



**Concello
do Corgo**

Contos tradicionais do Corgo

Por *LOIS LADRA*

«Tradición non é só o que se escoita,
senón tamén o que se transmite»

Cortizas

Breve introdución á narrativa tradicional

Agora que xa vai ben entrado o século XXI e que nos atopamos en pleno proceso de globalización, convén non esquecer que ata que se xeneralizaron os medios de comunicación de masas (radio, tv, internet, redes sociais...), a **exposición oral directa** era a maneira mais frecuente de transmitir información entre as persoas. E moita desa información espallábase no ámbito doméstico e familiar a través de certos xéneros da denominada **literatura popular de tradición oral** (LPTO). Un destes xéneros é o do conto ou narración breve, entendido como relato curto, en prosa, dun feito que aconteceu nun lugar e nun tempo indeterminados. Esta naración servía de mecanismo de enculturación social dos mais novos a través das historias e dos valores que os maiores lles trasladaban.

O certo é que a **tradición oral** sempre xogou un papel esencial como mecanismo-espello do ideal social, xa que «toda narrativa cristaliza dalgún xeito os patróns culturais dunha sociedade dada» (LÓPEZ COIRA, 1997: 89). E, por outra banda, «os contos reflicten a complexa realidade das relacións humanas» (MARIÑO, 2004: 76). En definitiva: a tradición narrativa popular componse por un numeroso conxunto de etnotextos que actúan como mensaxes ou discursos sociais relacionados coa construción, produción e reprodución da vida dos individuos en comunidade.

Seguindo as indicacións dun coñecido antropólogo español, «para que algo sexa considerado **tradicional** tería que posuir unha certa antigüidade, tería que ter pasado de unhas xeracións a outras, tería que terse transmitido oralmente e debería ter sido recollido da boca de algún campesiño, canto mais vello mellor» (DÍAZ, 1998: 18). Pois isto é, xenericamente, o que aconteceu na presente escolma.

Porén, o certo é que, hoxe por hoxe, a sociedade rural tradicional do Corgo xa non existe tal como era entendida ata non hai moitos anos, pois calquera pode verificar que se deu un nidio salto cara á modernidade e que os contextos da transferencia oral xa non son o que eran. Se cadra, a crise demográfica, a cercanía inmediata a Lugo e as grandes mudanzas socioculturais, contribúen a poder entender mellor todos estes cambios. Por iso, aínda que certas fórmulas tradicionais fixas e breves, como poden ser as adiviñas (LADRA, 2021a) e os refráns (LADRA, 2022), aínda se manteñen en uso e contan con boa saúde na comunidade corguesa, os contos deixaron de ser transmitidos de xeración en xeración ao pé da lareira. De feito, non faltan investigadores que afirman taxativamente que o conto tradicional galego, como tal, xa desapareceu irremisiblemente (NOIA, 2021), aínda que outros preferen pensar que as súas formas «clásicas» mudaron para se adaptaren aos novos tempos, transformándose en «sucedidos», «anécdotas» ou «chistes» (SOUTO, 2001; MACEIRAS, 2017...). No caso concreto do Corgo e malia os protocolos de recolla implementados, as narracións orais xa non se poden rexistrar seguindo os canais tradicionais da oralidade de antano.

O que si estamos en condicións de poder facer é presentar unha escolma ou breve **antoloxía dos textos escritos** nos que se recolleron estas narracións populares tradicionais, ordenándoas de xeito cronolóxico, desde as máis antigas das que temos constancia —datadas na década

dos cincuenta do século pasado— ata as mais recentes, que contan con pouco mais de unha ducia de anos.

As tres principais **fontes bibliográficas** que nos serviron de axuda e guieiro neste labor de recompilación de etnotextos de LPTO son: os *Contos tradicionais da provincia de Lugo* (CARBALLO, 1963), a obra *O galego en Queizán* (CASTRO, 1986) e as diferentes cabeceiras da prensa escolar local (LADRA, 2021b).

Deste xeito, foi posible reunir mais de dúas ducias de contos tradicionais recollidos en diversas parroquias do Corgo, cos seus correspondentes textos revisados polo filólogo. X. M. Castro Castedo. Todos eles constitúen unha senlleira escolma na que podemos apreciar o enxeño popular en narracións curtas e cheas de retranca. A idea principal que preside a maioría destes contos é a de defender a utilidade da intelixencia e da audacia como ferramentas indispensábeis para que a xente humilde poda superar os enganos e as falcatruadas dos ricos, fortes e poderosos. A fin de contas, xa se sabe: a ironía é a arma dos pobres e facer cumprir as leis non é o mesmo que impartir xustiza.

Conto 01: O raposo das mil mañas

Unha vez, nun certo sitio, xuntáronse un gato e mais un *zorro*. *Estuveron* falando as súas cousas e Mingos díxolle a Pedro:

—E ti cantas mañas sabes?

E Pedro díxolle:

—Mil, e un saco cheo.

E Mingos dixo:

—Eu *sólo* sei unha.

Naquel momento apareceu un can e botouse tras deles. Mingos subíase a un carballo, e o can botou tras de Pedro. Mingos, coas súas monadas, díciálle a Pedro:

—Ai, ho! Desata o saco, porque as mil xa van fora!

Pero o can non deixou a Pedro *hasta* que o matou. E Mingos dicía:

—Ai, mil mañas! Riste ou regañas?

Porque o *zorro* quedou cos dentes *arregañados*.

Recollido no Corgo, no curso 1952-53, do neno Constantino Otero Gómez

R. Carballo (1963): *Contos populares da provincia de Lugo*, p. 27, n.º 9

Conto 02: O lobo, o raposo e o home

Aló en tempos pasados, cando falaban todas as cousas, xuntáronse o lobo *i* o *zorro*, porque os dous eran compadres, *i* o *zorro* era *mui* pillo e *iba* levando ao lobo polos camiños. O lobo dixo que quería ver un home. Cerca deles pasou un rapaciño. *Entonces* dixo o lobo:

—Ai, compadre! *I* aquel é un home?

I o *zorro* dixo:

—Inda ha de ser.

Siguiron andando e mais adiante pasou un vello, *i* o lobo volveu a preguntar:

—*I* aquel é un home?

I o zorro dixo:

—Xa foi.

E *siguiron* andando. Encontraron un cazador. *Entonces* dixo o zorro:

—Ai, compadre! *Elí* vén un home!

Entonces dixo o lobo:

—Pois eu quería dar unha *luita* con el.

Foron indo cara *donde* o cazador viña. *Entonces* o cazador, chegando a cerca deles, disparou un tiro e bateulle ao lobo nun oído, e dixo:

—Caramba *pró* home! Tiroume un aturuxo, que por pouco me atonta!

Pero *esí* e todo quería dar unha *luita*, *i* o zorro foino levando a xunto dun ferreiro que estaba traballando na forxa, e dixo o zorro ao ferreiro:

—Meu compadre vén buscando con quen *luitar*.

I o ferreiro díxolle:

—Estou caldeando aquí un ferro.

E púxose a roxar unhas *tenazas*. Desde que as tiña ben roxas díxolle:

—*Vamos* xa!

E botoulle as *tenazas* ao fuciño. *Entonces* o lobo xa non quixo *luitar* mais, e despois dicíalle ao zorro:

—*Caraina pr'o* home! Parece que ten a arte do demo: agarroume con dous dedos e levoume *mitá* do fuciño! Se me bota a man toda lévame a cabeza!

Recollido no Corgo, no curso 1953-54, do neno Constantino Otero Gómez R. Carballo (1963): *Contos populares da provincia de Lugo*, pp. 62-63, n.º 50

Conto 03: O raposo e o home da xata

Unha vez viña un home da feira e *saliulle o zorro* ao camiño, e díxolle:

—Ou me dás esa xata ou me deixas pasar!

—Vente comigo, que che hei de dar un carneiro *esí* que chegue a casa.

E foino pillando o eixe. Pillouno, atouno ca corda á xata e despois pinchaba a xata por detrás *i o zorro iba d'arrasto e decía*:

—Se a corda non rompe ou non se desata, lévame o demo á casa do dono da xata!

Recollido no Corgo, no curso 1953-54, do neno Constantino Otero

R. Carballo (1963): *Contos populares da provincia de Lugo*, pp. 82-83, n.º 69

Conto 04: Xan e Marica

Era Xan e Marica e estaban arredor do lume quentándose arredor das brasas. *Caieu un gran estruendo* e varreu o lume todo, e *puñéronse* a xuntalo. *Desde* estaba *mui* xuntiño volveu a caer outro e volveu a varrer o lume *i os meus vellos* volvérono a xuntar, *i os estruendos* volveron *muitas* veces, *hasta* que Marica lle dixo a Xan:

—Non *compliche co preceuto*. Tes que ir xunto o compadre *pra* que te confese.

Ao outro día ben cedo foi a xunto o compadre, que era o cura da parroquia, *pra* que o confesara. Pero díxolle que non podía ser, que tiña que ir a Roma vestido de *perengrino*. E Xan volveuse *pra* casa e preparou *o seu* viaxe e marchouse cara a Roma, *i o compadre* foi gobernar a Marica.

Mais eles tiñan outro compadre, que era arrieiro, e encontrou a Xan no camiño e preguntoulle *pra* onde *iba*, e Xan contoulle o que pasara *i o arrieiro non o deixou siguir*. Díxolle que se volveuse, que era cousa do

cura da parroquia *pra ire pra xunta* a comadre, e Xan dixo que non, pero o compadre arrieiro díxolle que lle xogaba a mula grande contra a vaca *montuxa*, e despois volvéronse *pra casa*. Pero o arrieiro meteu a Xan nun *pelexo pra* entrar na casa del. *I* alí estaba Marica *i* o compadre cura con moita alegría, *i* ao chegar o compadre arrieiro moita mais. Trataron de facer unha *cena* con moita alegría. Desde que *cenaron saliu* o arrieiro e dixo que cada un tiña que cantar a súa canción. E *saliu* Marica e dixo que *iba* a dela:

—«*I* o meu maridiño vai a Roma.
Canto *Dios* ben lle faga,
que nunca *daló* volva!»

E despois *saliu* o cura cantando a súa:

—«*El va allá por mis acciones,
yo quedo aquí recreando
con su mujer mis calzones*».

E despois *saliu* o arrieiro cantando a súa:

—«*Hombre que estás en prisiones
¿Qué dices a estas razones?*»

Entón *saliu* Xan do *pelexo* cantando tamén:

—«*Hei, tu, que me ganaches a vaca montuxa,
agárrame o crego pra que non fuxa*».

E, *nesto*, o crego botou a correr. *Entonces* Xan viu que era *verdá* o que lle *decía* o arrieiro.

Recollido no Corgo, no curso 1953-54, do neno Constantino Otero

R. Carballo (1963): *Contos populares da provincia de Lugo*, pp. 106-107, n.º 87

Conto 05: A muller, o cesto e a canada

Unha vez era unha muller *i on* cesto,
e non sei mais *desto*.
Unha vez era unha muller *i onha* canada,
e non sei mais nada.

Recollido no Corgo, no curso 1953-54, do neno Servando Jacob González
R. Carballo (1963): *Contos populares da provincia de Lugo*, p. 107, n.º 88

Conto 06: Xan e Marica de camiño

Unha vez, aló noutros tempos, cando non había coches, había un matrimonio. Da súa casa foron a Lugo. El chamábase Xan *i* ela Marica. Cando viñeron *pra* casa Marica cansábase, e díxolle a Xan que a *trouguese* ao lombo, e Xan tróuxoa. *Esí* que *anduvo* un cachiño dixo Marica:

—Ai, Xan! *Elí* hai unha lousa *pra* tapar o noso pote.

E baixouse por ela. E despois volveuse a subir Xan, e Xan foi andando outro cacho. Díxolle Marica a Xan:

—Ai, Xan! *Elí* hai outra lousa. Vale *pr'o* noso pucheiro.

E volveuse a baixar. *Esí* que a colleu volveuse a subir. *Esí* que *anduvo* outro cacho díxolle:

—Ai, Xan! De *Dios* están as cousas:
tú levarme a min, *i* eu levar as lousas».

Recollido no Corgo, no curso 1953-54, do neno Constantino Otero
R. Carballo (1963): *Contos populares da provincia de Lugo*, pp. 108-109, n.º 90

Conto 07: A vella que quería ir ás castañas

Unha vez era unha vella que quería ir ás castañas. Estaba na cama e sentía como bruaba o aire, dicindo moi leda:

—Veña airiño, veña,
i o que non ten, que teña!

Ao *amanecer* levantouse a miña vella e foi *pr'o* souto, i o aire sopraba máis furioso que antes, i a vella dicía:

—Nin tanto nin tan pouco,
que leva á vella polo souto!

Recollido no Corgo, no curso 1953-54, do neno Magín Suárez

R. Carballo (1963): *Contos populares da provincia de Lugo*, p. 124, n.º 107

Conto 08: O pequeno do chifre

Unha vez un cura tiña un *criáu pr'as* ovellas, que as levaba ao monte *pra* pastar, i *on* día pasaron por alí tres camiñantes e díxéronlle que lle daban o que el quixera se os pasaba de aquel río, i o pequeno pasounos tras de un outro, e logo pediulles un *chiflo* que fixera bailar todos os seres *vivientes*. I así foi que, como o pequeno sempre estaba tocando, as ovellas en vez de pacer sempre estaban *beilando* e tódolos días chegaban á casa berrando. *Nesto*, díxolle o criado ao señor cura que todos os días viñan as ovellas mortas de fame. E o cura díxolle:

—Hai que velalo.

Foise e meteuse no medio dunha silveira e, como o pequeno empezou a tocar, o señor cura empezou a *beilar* e picou tódolos pés. I así que puido *salir*, marchouse *pra* casa e contoullo ao criado, e dixo:

—Hai que cocer un caldeiro de auga *pra* escaldar o pé.

Xa o tiñan *agarrau* e dixo:

—Ai, señor cura, déixeme meter esta mau no bolsillo!
E pegou a tocar e todos a *beilar* e despois escapouse.

Recollido no Corgo, no curso 1953-54, do neno Servando Jacob González R. Carballo (1963): *Contos populares da provincia de Lugo*, pp. 172-173, n.º 145

Conto 09: Os mozos de parrafeo

Un deses días, *iba* un mozo ver unha moza. Como de *costumbre*, *estuveron* de parrafeo o tempo que lles *pareceo*. Botaron xa *hasta* certas horas da noite, cando terminaron de despedirse.

Díxolle o mozo á moza:

—*Bueno*, o sábado volvo. A que hora hei vir?

Díxolle a moza:

—Vés cando os árboles máis altos estean ben floreados *i* os troncos máis vellos decaídos *i* os mortos por encima dos vivos!

Recollido no Corgo, no curso 1953-54, do neno Salustiano Sanfiz Rey R. Carballo (1963): *Contos populares da provincia de Lugo*, pp. 280-281, n.º 248

Conto 10: O casamento de María e o tío Naranxo

Heivos contar a *verdá*, que vos foi desta maneira:
Xa botan as *municións* de María a panadeira.
Todos preguntan con quen, por arriba e por abaixo.
Municións xa botou domingo co tío Naranxo.

El xa ten os pelos *blancos* i as moas xa lle caían;
dentes xa non ten ningún, nin de baixo nin derriba.
Ela é *mui* boa moza, nunca *tuvo pretendiente*,
mui amiguiña dos homes i *ahora* chegoulle a *suerte*.

O tío Naranxo é *bon* mozo, *sólo* que ten moitas faltas:
anda co reuma nas costas, que o fai andar de gatas.
Cando querían *casarse* era de inverno e chovía,
resbarou o tío *Naranxo* e mollou a sua *corrumba*
nunha poza de auga fría.
Nunca se podía *erguir* i axudoulle a tía María.

Cando foron *ond'o* cura preguntoulles a doutrina
e non sabían ningunha.
—E *nun* sabéis a doutrina, i eu non vos podo casar,
se *Dios* dá unha criatura non a sabéis gobernar.

Contestoulle a tía María, como é tan desaxeitada:
—Eu ben sei, señor cura, a *obligación* da muller casada:
se *Dios* dá unha criatura, gobernala i enséñala,
gobernar ben a vidiña e durmir co home na cama,
levantarse á *mañán* cedo e collela á madrugada,
e facer o chocolate e levarllo ao home á cama.

Cando volveron *casarse* o cura estaba esperando
e colleu a ferramenta e casounos de contado.
Volveron abrazadiños *mui* contentos de casados
a tomar o *desaiuno* padriños i acompañados.

Mais o conto foi despois, cando *iban* a xantar a xente toda da voda:
entrou un can na *cuciña*, pilloulles a carne toda.
Botan todos detrás do can, na mesa quedan os *platos*,

entra un porco na *cuciña*, todos os puxo en *pedazos*.
 Esta é a despedida da copla do tío *Naranxo*:
 cando a tía María *iba* por riba *i* o tío *Naranxo* por baixo.

Recollido no Corgo, no curso 1953-54, do neno Constantino Otero

R. Carballo (1963): *Contos populares da provincia de Lugo*, pp. 317-318, n.º 275

Conto 11: O pastor, a cobra e a raposa

Unha vez era un home que *iba* por un camiño e encontrou unha *serpiente atertelada* debaixo dun penedo. A *serpiente* ao ver o home *supri-coulle* que a sacara de alí, que *si* a sacaba daríalle canto lle pedira. Foi o bon do home e sacou a cobra de debaixo da pedra. Pero esta, en vez de agradecerllo, díxolle que *iba* comelo. O home quedouse dunha peza ao ver tamaña ingratidade, e díxolle:

—*Bueno*, comer comerasme, pero antes debemos ir ver un avogado *pra* ver a quen lle dá a razón.

Puxéronse a camiñar e logo encontraron un boi. A *serpiente* preguntou ao home *si* era aquel o avogado, e o home díxolle que non, e seguiron andando. Mais adiante encontraron unha ovella e volveulle a preguntar *si* era aquel o avogado, e o home díxolle que tampouco era aquel. Pero despois encontraron o raposo, *i entonces* o home díxolle que aquel *si* que era o avogado. Contáronlle o que lles pasaba, pero o raposo non quixo darlles a consulta *sin* ir ao sitio e ver como fora o *ocurrido*. Cando chegaron ao sitio, foi o raposo e mandoulle á *serpiente* que se volveuse meter no mesmo sitio. Tan pronto como se meteu aló a cobra, mandoulle ao home que calcase ben o penedo e que a deixase quedar alí, por desagradecida.

Ao verse libre da *serpiente*, foi o home e preguntoulle ao raposo canto lle tiña que pagar pola consulta. O *zorro pidiulle* as mellores pitas que andaban co galo. O home foise á casa e contoulle á muller o que lle pasaba; pero ela non lle deixou levar as pitas, e mandoulle que en vez de pitas lle levara a cadela metida nun saco. O home levoulle a cadela, pero ao *acercarse* con ela, foi o *zorro* e *oliu* o saco e dixo:

—Pitas serán, pero ulir, úlenme a can.

E *marchouse* correndo, porque o home abriulle a boca ao saco *pra* que *salira* a cadela e botara [a correr] tras do *zorro*. Este *iba* dicindo:

—Arriba miñas zancas, que neste mundo non hai senón trampas!

Ao chegar á cima do monte, púxose a lamber as pernas e dicía:

—Ai, miñas patañas, como corríades!

E tamén lles dixo ás orellas:

—Ai, miñas orellañas, que dereitiñas íbades!

Entonces díxolle o rabo:

—E logo eu, meu amo?

—*Tu* aínda tirabas por min *pra* atrás, peludo!

Variante recollida no Corgo, no curso 1953-54

R. Carballo (1971): *Sobre lingua e literatura galega*, pp. 167-168, n.º 8, nota 22

Conto 12: A merenda

[Trátase do primeiro conto popular tradicional recollido e graficamente representado en formato de banda deseñada. Corresponde a unha fábula de animais que ten á cegoña (C) e ao raposo (R) como protagonistas. O texto, dialogado, é o seguinte:]

C – Que che parece se axuntámo-los nosos cartiños e facemos unha merenda?

R – A min paréceme moi ben.

C – Logo hoxe vés comer ao meu lar.

R – [A pensar para si mesmo] Seguro que me ten galiña, je, je, je.

E tal como o planearon, así fixeron, *sólo* que en vez de galiña foron papas.

C – Anímese, compadre, vai ver como lle saben as papas en botella.

R – [A pensar para si mesmo] Que lle vamos facer, algo é algo!

R – [Anoxado, a lamber a botella] Nada, non rasco bola!

C – [Fachendosa, metendo o pico na botella] Que lista fun! Así pápolle todo!

R – [Anoxado, a pensar] Como a poderei amolar?

R – [Excitado, a partir a botella contra o chan] Xa está!

C – [Sorprendida] Que fai, compadre? Toleou?

C – [Anoxada, picando o chan] Desta desfago o pico. Amoloume ben amolada!

R – [Excitado] *Pra* todo hai trampa [Exultante] Como me estou poñendo!»

Conto recollido e representado graficamente por escolares corgueses no ano 1983

Ecos del Corgo, n.º 3, páx. 7

Conto 13: O conto dos coscobellos

Haberá corenta anos, cando eu tiña seis ou sete, había un señor que era algo burro. E había uns pillabáns que sempre se rían da xente burra. Un deses pillos díxolle a un veciño que no río do Porto había *coscobellos* e que, para poder collelos, precisaba da albarda dun burro, de unha cabezada, de unha pa do forno e dun cesto deses que ten dúas tapas. Logo de meterse descalzo no río, que é pouco profundo, había que petar coa pa e tiña que dicir:

Coscobello, vente ao cesto
e *bizbardo*, vente ao fardo!
Xan da albarda por ti agarda
e aquí ca cabezada!

E o veciño ía petando na auga, pero, claro, *coscobellos* non había, que aquilo era un conto que lle fixeran por se rir del. E daquela os pequenos guindábanlle pedras e dicíanlle:

—*Coscobellán!* Comiches a tortilla e non nos deches dela!

Recollido en Queizán, en Agosto de 1985, a unha muller de 48 anos. Texto adaptado

X. M. Castro Castedo (1986): *O galego en Queizán (O Corgo)*, pp. 128-129

Tamén aparece recollido en <https://galiciaencantada.com/lenda.asp?cat=19&id=2430>

Conto 14: A noiva e o zurrón

Unha vez era unha muller e resulta que era fea e vella. E pretendeuna un mozo. Faloulle o noivo, e o noivo podía ser case fillo dela. E dixéronlle uns amigos ao mozo:

—Ai, ho! Tes o gusto ben perdido! Non sei como vas casar con esa muller, que podía ser túa nai e mais é moi fea. Non sei como has durmir con ela a primeira noite!

E dixo o mozo:

—Boh! Non che me caso con ela, que che me caso co zurrón que ten, que che ten moita riqueza!

E contáronllo a ela. E despois, o día da voda, pois ela gardou os cartos nunha carteira que meteu no peito e cando foi casar e xa fixeran os requisitos todos, o cura lle preguntaba, e ela petaba no peito e dicía:

—Responde, zurrón, que casan contigo e comigo non!

E *daquelo* non a sacaba o cura, e díxolle o cura:

—Pero... que di, muller? Quere o noivo ou non o quere?

—Non o quero, non, porque este non me quere! Quere os cartos, así que... Que volva por onde veu!

Recollido en Queizán, en Agosto de 1985, a unha muller de 48 anos. Texto adaptado

X. M. Castro Castedo (1986): *O galego en Queizán (O Corgo)*, p. 129

Conto 15: O barbeiro bromista

Un barbeiro dunha aldea era moi bromista, e a todos os que ían alí a corta-lo pelo, el adicábase a poñerlles motes e a burlarse deles.

Unha vez entrou un labrador e díxolle ao barbeiro:

—Córtame o pelo?

—Si, pero primeiro tenme que *decir* como se chama.

O labrador xa sabía como era o barbeiro e non lle contestou; só lle dixo que *eso* non viña ao caso, que porque el fora un burlón, habíase de burlar del mesmo, pero non de todos os demais.

Outra vez entrou un fruteiro e díxolle:

—Córteme o pelo, por favor, que teño présa.

—Si, pero primeiro tenme que *decir* como se chama.

—Pois eu chámome Ramón.

O barbeiro constestoulle:

—Ramón come o pan e deixa o xamón.

O fruteiro quedouse mirando para el e comentoulle:

—Déixese de *tonterías* e córtame o pelo.

Logo, por último, entraron tres médicos xuntos e dixéronlle ao barbeiro:

—Córtanos o pelo?

Entón o barbeiro pediulles que lle dixeran os seus nomes.

—Eu chámome «Ti».

—Eu chámome «Déixame».

—Eu chámome «Larga».

O barbeiro cortoulles o pelo, pero rindo a gargalladas. Os médicos, logo de que lles cortaran o pelo, marcharon sen pagar e o barbeiro botouse a correr tras deles, chamando aos veciños e berrando moi forte.

Os veciños saíron das casas e preguntáronlle que ocorría. O barbeiro dixo que uns homes marcharan sen pagar. E unha veciña preguntoulle:

—E como se chamaban eses homes?

—«Ti», «Déixame» e «Larga».

Daquela a veciña díxolle ao barbeiro:

—Pois *arréglate* como *podas*!

E así foi como o barbeiro deixou de burlarse dos veciños.

Conto recollido na revista *Cousas da Escola*, 1987, s. p.

Conto 16: O raposo comellón

Era unha vez un raposo que rondaba por *onda* un galiñeiro. Veu un can ladrándolle e *entonces* o raposo viu un burato no galiñeiro e meteuse... e empezou a comer as galiñas... e medroulle *mucho* a barriga e despois *nun colleo* polo burato e chegou o amo e matouno a paos.

Conto recollido na revista *Cousas da Escola*, 1987, s. p.

Conto 17: O trasno e as castañas

O día do magosto uns nenos foron ao monte, a facer un. Chegaron alí e *escomenzaron* a buscar o sitio onde ían facelo. De *pronto*... berra un:

—*Eiquí*, un sitio bo!

E todos foron para alí. Prepararon a *parrela* e limparon o sitio, e deixaron as castañas *riba* dun canto. Marcharon cada un polo seu lado a buscar a leña. Un demo dun trasno chamado *Sumicio*, que andaba a *rondar* por alí, viu as castañas, [que] estaban nunha bolsa grande. Entón colleunas e foinas agachar moi lonxe do sitio, tras de unha queira. Mais os nenos, que trouxeran un can, deixárano alí, coidando o seu tesouro.

Cando os nenos voltaron, dixo un deles:

—As castañas! Roubáronas!

Entón o can empezou a laiar cara onde estaba escondido o demo do trasno e botou a correr tras del. O trasno quixo coller as castañas e entón o can pillouno. Os nenos collérono e tiraron as castañas no chan, facéndollas contar. E tan canso quedou que non puido acabar de contalas.

Iso contaban os vellos: dicían que era unha maneira de botar os trasnos da casa.

Conto recollido na revista *A Voz da Escola*, Outono 1987, s. p.

Conto 18: Deixa o mundo como está

Un galego e un andaluz foron de viaxe e, á hora de xantar, foron a unha fonda onde lles puxeron de comer un prato de patacas con carne. As patacas a un lado do prato e a carne ao outro. O andaluz, para poder comer a carne, comezou a falarlle ao galego do movemento de rotación da Terra e, para explicarllo mellor, comezou a darlle voltas ao prato, deixando que se parase coa carne virada cara a el. O galego, que logo se deu conta da xogada, deulle unhas novas voltas, parou o movemento do prato, puxo a carne para si, e díxolle ao andaluz:

—Deixa o mundo como está! Deus me valla, que, se non, féndoche a testa!

Conto recollido na revista *A Voz da Escola*, n.º 2, Febreiro do 1988, s. p.

Conto 19: Os nenos que se perderon na neve

Era un día frío de xaneiro. A mañá estaba branca porque tiña nevado. Uns nenos decidiron saír a xogar coa neve. Abrigáronse ben e aló marcharon para divertírense xogando con ela. Cando pensaron en voltar, atopáronse cun gran problema: os pasos marcados na neve borráranse co vento e os rapaces perdéranse nun bosque escuro e tenebroso. Andaron e andaron, tristes, cavilando nas súas quentes casas. De pronto, un deles di:

—Alí hai unha casa vella e toda desfeita! E sae fume pola cheminea!

Petaron á porta e saíu unha pobre velliña, mal *arreglada* e cunha bufanda de lá de ovella. E díxolles:

—Entrade! Debedes estar mortos de frío!

Os nenos pasaron e dixéronlle á vella:

—Perdémonos! Poderíamos pasar a noite aquí?

—Si, claro que si. Eu tamén me perdín un día cando era nova e pouco a pouco construí esta pobre chabola. Gaño algúns cartos porque albergo leñadores que veñen por aquí. Sempre me dan un ou dous pesos cos que merco algo de comida na vila.

—Si, claro que si.

Estiveron a falar un anaco ata que acordaron que pola mañá cedo irían á vila. Os nenos estaban ledos. Toda a noite durmiron contentos e chegou a mañá. Empezaron o camiño e por fin chegaron á vila. Os nenos viron a súa casa. A nai estaba moi preocupada. Cando petaron na porta, abriulles, entraron e abrazáronse nela. A velliña tamén pasou. Os nenos contáronlle á *mai* o que lle pasara á vella e o que ela fixera por eles. A nai cavilou un pouco e díxolle á vella:

—Pois de aquí en diante vivirá connosco!

—E vós xa tedes unha avoa!

Os nenos, moi ledos, abrazáronse á súa nova avoa e viviron felices en harmonía. Este conto vai adicado a todos os vellos, que por estar acabados non teñen un teito.

Conto recollido na revista *A Voz da Escola*, n.º 2, Febreiro do 1988, s. p.

Conto 20: Pasar o río co mal de ollo

Había unha vella que tiña fama de mal de ollo. Un día, unha muller ía cruzar o río montada na besta, cousa que tiña feito moitísimas veces. E a vella díxolle:

—Ai! Vas cruzar o río coa besta? E se caes?

A muller non lle fixo caso, porque xa o tiña feito outras veces e sabía que a vella non tiña moi boa fama. Pero, cando ía no medio do río, a besta caeu *dormida* e con ela a muller.

Conto recollido na revista *A Voz da Escola*, 1995, s. p.

Conto 21: O pobre

Ía un pobre por un pobo, pedindo, e o dono de unha casa deixoulle durmir enriba de unhas pallas, a carón da lareira. Pola noite, o pobre oíu berrar a unha cabrita que acababa de nacer. Mirou o *reloxio* e eran as dúas. Á mañá seguinte, o pobre díxolle ao dono da casa que aquela cabrita morrería afogada pola hora e día [en] que nacera, e se fora varón tamén. Un día que a cabrita ía saltando polas pedras do río, quedou enganchada das patas traseiras, caeu á auga e morreu afogada [ás dúas], tal e como dixera o pobre.

Conto recollido na revista *A Voz da Escola*, 1995, s. p.

Conto 22: O zoqueiro e o crego

Hai xa moitos anos, había un zoqueiro chamado Xoán, que tiña oito fillos e a súa muller acababa de dar a luz outro mais. Como naqueles tempos había que bautizalos o mesmo día que nacían —pois dicíase que se morrían non ían ao ceo— aló marchou Xoán á casa do señor cura.

Despois de andar un par de quilómetros, chegou á *rectoral*. Chamou á porta e saíulle a ama, que lle dixo:

—E logo, que queres, Xoán?

—Pois hai vida nova —respondeulle—. E... está o señor?

—Si, pero está na cama.

—Pois hai vida nova e quero que me veña bautizar o pequeno.

A asistenta foille contar o caso ao crego. Este quedou desconcertado, pois sabía que o zoqueiro tiña oito fillos e os traía espidos e descalzos, ao non ter que darlles de comer. Así que, mentres se aseaba, púxose a darlle voltas na cabeza ao modo de afrontar a situación. Aos poucos minutos baixou e díxolle:

—Xoán, mira. Parece mentira, ho! Aínda vés con outro pequeno! Eu vouche dicir unha cousa que non che debía dicir, pero mira... Ti debes pensar que os traes descalzos e non lles dás de comer e... outro máis!

Xoán estivo escoitando ao clérigo. Cando este rematou, contestoulle:

—Pero mire, señor. Dáos Deus!

Ao que retrucou o señor cura:

—Mira, Xoán. Deus dáche o sol e dáche a auga, pero os homes de agora inventaron o paraugas!

Conto recollido na revista *A Voz da Escola*, n.º 36, 1999, p. 16

Conto 23: O preguizoso

Era un home tan folgazán, tan folgazán, que morría de fame por non traballar. Entón foi xunto do cura e díxolle:

—Señor cura, prepáreme o enterro, que eu quero enterrarme vivo, antes de que morra de fame.

—Non fagas iso —díxolle o crego—. Xa me dixo o veciño que che deixaba unha fanega de pan.

—E... ese pan está cocido?

—Home, non. Tes que levar o gran ao muíño para moelo e logo amasalo e cocelo.

—Ui! Iso é moito traballo! É mellor que siga o enterro!

Conto recollido na revista *A Voz da Escola*, n.º 37, 2000, p. 38

Conto 24: Cando Deus creou o Home

Vou contar un conto que escoitei na miña aldea (...). Deus creou o burro e díxolle:

—Serás burro e traballarás acotío, cargando feixes no lombo. Non terás intelixencia, comerás forraxe verde ou seca e mesmo recibirás algunha malleira. E vivirás cincuenta anos.

O animalíño, vendo a vida que lle agardaba, pediu:

—Señor, para vivir coma un burro abóndanme vinte anos.

Deus, que era bo, entendeuno e concedeuno. Logo creou o can e tamén lle dixo:

—Serás can e coidarás a casa dos homes, sendo o seu amigo mais fiel. Darás axuda, cariño e compañía, que poucas veces che devolverán. Comerás os ósos que che tiren e durmirás ao relento ou no fondo da escaleira, tanto de verán coma de inverno. E vivirás vinte anos.

—Señor, para esa vida chégame coa metade dese tempo.

E Deus tamén llo concedeu. Creou logo a mona, dicíndolle:

—Serás mona, saltarás de póla en póla, farás pallasadas e divertirás á xente. E vivirás vintecinco anos.

Tamén a mona pensou que era dabondo e pediulle a Deus que lle quitase quince anos, cousa que lle concedeu. Despois creou Deus os outros animais e por último creou o home, dicíndolle:

—Serás home: o ser máis perfecto da creación, o único intelixente e racional sobre a face da terra. Empregarás a túa mente para someter as bestas, que estarán ao teu *servicio* e dominarás tamén o mundo. E vivirás vintecinco anos.

O Home escoitou pacientemente, e ao final repuxo:

—Señor, serei home, pero paréceme pouco vintecinco anos. Por que non me dás os trinta que desprezou o burro, os dez que o can non quixo e mais os quince que a mona rexeitou?

Así fixo Deus, e dende aquela, o Home vive vintecinco anos coma home. Despois casa e pasa trinta coma burro, traballando e cargando o peso no lombo para sacar adiante a familia. Logo, os fillos vanse e vive coma un can, coidando da casa alomenos dez anos. Ao final chega a vello, xubíbase e vive dez anos coma unha mona, de póla en póla ou de casa en casa, facendo pallasadas para divertir aos seus netos.

Conto recollido na revista *A Voz da Escola*, n.º 41, 2004, p. 47

Conto 25: Por quen cucou o cuco

O tío Xan do Outeiro e mais o Bailón de Corvite ían un día á vila de Guitiriz, para arranxar a cobranza do subsidio de vellez. Indo polo camiño, sentiron cucar o cuco e díxolle o tío Xan ao Bailón:

—Cucou para min!

E respondeulle o Bailón:

—Non, ho! Cucou para min!

E sobre isto tiveron tal disputa que acordaron levar o asunto a un avogado. Ao chegar ao despacho contáronlle o asunto que os levara xunto del. E o avogado, despois de rascar un pouquiño a cabeza, díxolles:

—Poñan cincuenta pesos cada un e despois xa lles digo por quen cucou o cuco.

Os dous sacaron de carteiras e botaron enriba da mesa cadanseus cincuenta pesos. Entón o avogado, botando man aos cartos, díxolles:

—Agora voules dicir por quen cucou o cuco: cucou... para min!

Conto recollido na revista escolar *Rapilán*, n.º 47, 2010, pp. 75-76

Conto 26: O conto dos carreteiros

Este conto contáballo a miña bisavoa á tía Amparo:

Antes, en vez de coches ou camións, como nos días de hoxe, había carros para transportar as cousas. En ocasións, xuntábanse para facer carretos. Un día, ían nun carreto moitos carreteiros que tiñan que madrugar moito: saían con noite e ían polo Camiño Real que os conducía ata Madrid.

Ao abrir o día, pasaban por debaixo duns carballos que asombraban o camiño. Viron de fronte un enterro e o carreteiro que ía diante arrimouse á beira e mandou arrimar aos outros para que pasara o enterro. O enterro foi pasando e un pouco máis atrás viña un vello, pequeno, feo e coxo, arrimado a un garrote. Ao chegar ao pé do primeiro carreteiro díxolle:

—Sorte tivestes de metervos entre os bois, que se non quedariades todos mais pequenos que un *grao* de millo.

Sen mais palabras, o vello seguiu coxeando detrás do enterro, e os carreteiros, todos mortos de medo, dixeron uns aos outros:

—Iso era o demo!

Este conto dicía miña tía que o contaba para que souberamos os pequenos o que era o medo. O demo non lles puidera facer nada aos carreteiros porque os bois eran benditos!

Conto recollido na revista escolar *Rapilán*, n.º 47, 2010, p. 78

Unhas breves notas finais

Os contos tradicionais galegos reclamaron a atención de diversos investigadores xa desde tempos ben recuados, hai case que cento cincuenta anos, en pleno romanticismo, cando se gababa o suposto «candor infantil» do pobo (SACO, 1880: 2 e 3). Ao longo de mais dun século, numerosos autores interesáronse por este tipo de narracións, publicando varias escolmas ou antoloxías, todas elas de lectura moi recomendábel (CARRÉ, 1968; HARGUINDEY e BARRIO, 1994; MIRANDA, REIGOSA e CUBA, 2001; NOIA, 2002...).

Con esta pequena antoloxía de contos corgueses, tan só pretendemos contribuír á recompilación, divulgación e posta en valor dun dos aspectos mais senlleiros da nosa literatura popular de tradición oral. Vimos así cubrir un baleiro que até agora tiñan as terras lucenses de Chamoso en comparación con outras zonas do país que xa contaban desde hai anos coas súas propias antoloxías: Viana do Bolo (PRIETO, 1958), O Bierzo e Os Ancares (PONCELAS, 1992), Palas de Rei (PEREIRO, 1995), A Pontenova (CARNERO *et al.*, 1998), a raia seca galego-transmontana (RODRÍGUEZ, 2016)...

Non figuran na nosa antoloxía nin os «contos de fadas» (BETTELHEIM, 1980) nin os «contos maravillosos» (MARIÑO, 2004). Ao carecermos dunha orientación especificamente folclorista, evitamos entrar nos debates historiográficos e nas cuestións analíticas encetadas pola escola rusa (PROPP, 1974 e 1985). Asemade, preferimos non encetar as clasificacións tipolóxicas da escola finesa (AARNE e THOMPSON, 1995) para non tornar pesada a lectura, malia teren sido recentemente axeitadas ao contexto galaico (NOIA, 2010 e 2021). Sexa como for, o certo é que, como podemos comprobar nesta escolma, no ámbito da nosa narrativa tradicional, os **contos de animais** xogan un papel sobranceiro (RISCO, 1928: 145; FIDALGO, 1991:347-361; NOIA, 2005: 131).

Pola miña banda, en calidade de antropólogo cultural, debo indicar que as tentativas de recolla directa que encetei de xeito isolado ou de recolla indirecta en colaboración co alumnado do CEIP Plurilingüe do Corgo ofreceron uns resultados terriblemente parcos, ficando moi aquén das expectativas iniciais. Os contos que aquí aparecen foron recollidos de vagar e aos poucos, pois permanecían inéditos ou espallados por diversas publicacións de consulta moi difícil e acceso nada doado. O certo é que, malia as reiteradas tentativas para colixir novos textos da nosa narrativa

tradicional entre os maiores do Corgo, numerosas dificultades sucedéronse sistematicamente, impedindo por vergoña, desmemoria ou falta de vontade transmisora o seu axeitado rexistro.

Podo afirmar, por experiencia propia e de primeira man, que o contexto sociocultural actual da Terra de Chamoso non é o mellor para desenvolver este tipo de recollas específicas sobre o conto tradicional, pois a maioría dos etnotextos xa se documentan nun estado moi fragmentario ou deturpado, e a cadea de transmisión oral interxeneracional atópase hoxe totalmente esgazada e practicamente interrompida. E todo isto en nidia oposición á vitalidade manifestamente comprobada doutros xéneros, como pode ser, a título de exemplo comparativo, o dos cantares de entroido (LADRA, 2023...).

Lois Ladra

O Corgo, no mes de Santiago do ano 2023

Bibliografía

- AARNE, A. e THOMPSON, S. (1995): *Los tipos del cuento folklórico. Una clasificación*. Helsinki: Academia Scientiarum Fennica.
- APARICIO, B. (1992): *A tradición oral en Poio. Claves interpretativas*. Pontevedra: Deputación Provincial.
- BETTELHEIM, B. (1980): *Psicoanálisis de los cuentos de hadas*. Madrid: Editorial Siruela.
- CARBALLO CALERO, R. (1963): *Contos populares da provincia de Lugo*. Vigo: Editorial Galaxia.
- CARBALLO CALERO, R. (1963b): «O conto popular na provincia de Lugo. Contos de animás. Ciclo do raposo». *Actas do Congreso Internacional de Etnografía de Santo Tirso*, VI: 201-220. Lisboa: Junta de Investigações de Ultramar.
- CARBALLO CALERO, R. (1971): *Sobre lingua e literatura galega*. Vigo: Editorial Galaxia.
- CARNERO, O. et al. (1998): *Polavila na Pontenova. Lendas, contos e romances*. Lugo: Deputación Provincial.

- CARNERO, O. *et al.* (2004): *Da fala dos brañegos. Literatura oral do concello de Abadín*. Lugo: Deputación Provincial.
- CARRÉ, L. (1968): *Contos populares da Galiza*. Porto: Museu de Etnografía e Historia - Junta Distrital do Porto.
- CASAL, S. e LÓPEZ, X. (2008): *Contos e lendas do Miño*. Vigo: A Nosa Terra, Col. «Nós os galegos».
- CASTRO CASTEDO, X. M. (1986): *O galego en Queizán (O Corgo)*. Tese de licenciatura inédita, defendida na Universidade de Santiago de Compostela.
- DÍAZ G. VIANA, L. (1998): *Una voz continuada. Estudios históricos y antropológicos sobre la Literatura Oral*. Oiartzun: Sendoa.
- FIDALGO, J. A. (1991): «As formas narrativas da literatura popular de tradición oral: bases para un estudo dos contos populares». *Agália*, 27: 321-361.
- HARGUINDEY, H. e BARRIO, M. (1994): *Antoloxía do conto popular galego*. Vigo: Editorial Galaxia.
- LADRA, L. (2021): «O Proxecto CORGORAL e a prensa escolar como fonte para a recompilación da Literatura Popular no Corgo». *Corga*, 8: 22-31.
- LADRA, L. (2022a): «Adiviñanceiro tradicional do Corgo». *Lvcensia. Miscelánea de cultura e investigación*, 64: 9-31.
- LADRA, L. (2022b): «Achegas para un refraneiro tradicional do Corgo». *Lvcensia. Miscelánea de cultura e investigación*, 65: 85-108.
- LADRA, L. (2023): «Aspectos do patrimonio intanxible: os cantares do Entroido». *Lvcensia. Miscelánea de cultura e investigación*, 66: 115-126.
- LÓPEZ COIRA, M. M^a (1997): «Do texto oral ao contexto cultural. Perspectiva antropolóxica da tradición oral galega». En X. M. González Reboredo, *Galicia. Antropoloxía. XXVIII. Imaxinario, Literatura popular*, pp. 88-127. A Coruña: Hércules.
- MACEIRAS, X. (2017): *Contos mariños de Carballo*. Carballo: Excelentísimo Concello.
- MARIÑO, X. R. (2004): *Los cuentos maravillosos. Realismo mágico*. Barcelona: Editorial Ronsel.
- MIRANDA, X.; REIGOSA, A. e CUBA, X. R. (2001): *Antoloxía do conto de tradición oral*. A Coruña: La Voz de Galicia, Col. «Biblioteca Galega 120», n^o 120.
- NOIA CAMPOS, C. (2002): *Contos galegos de tradición oral*. Vigo: Editorial Nigra Trea.
- NOIA CAMPOS, C. (2005): «O conto de tradición oral». En *V Xornadas Internacionais de Cultura Tradicional. Homenaxe a Xaquín Lorenzo*, pp. 115-135. Lira: A. C. Canle.

- NOIA CAMPOS, C. (2010): *Catálogo tipolóxico do conto galego de tradición oral*. Vigo: Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo.
- NOIA CAMPOS, C. (2021): *Catalogue of Galician Folktales*. Helsinki: The Kalevala Society, Col. «FF Communications», nº 322.
- PEREIRO, X. (1995): *Narracións orais do concello de Palas de Rei*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- PEREIRO, X. (2008): «Contribucións da Antropoloxía á investigación da literatura oral». *Revista Galega de Educación*, 41: 14-16.
- PISÓN, X.; LOURENZO, M. e FERREIRA, I. (1998): *Contos do Valadouro*. Vigo: A Nosa Terra, Col. «Nós os galegos».
- PONCELAS, E. (1992): *Estorias e contos do Bierzo e dos Ancares*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- PRIETO, L. (1958): *Contos vianeses [contos tradicionais das terras de Viana do Bolo]*. Vigo: Editorial Galaxia.
- PROPP, V. (1974): *Las raíces históricas del cuento* [Orixinal publicado no ano 1946, traducido do ruso por José Martín Arancibia]. Madrid: Fundamentos.
- PROPP, V. (1985): *Morfología del cuento* [Orixinal publicado no ano 1928, traducido do ruso por F. Díez del Corral]. Madrid: Akal, Col. «Akal bolsillo», nº 139.
- RAMOS, M^a A. (1988): *El cuento folklórico: una aproximación a su estudio*. Madrid: Pliegos.
- REQUEIXO, A. (2002): «A literatura galega de transmisión oral». *Moenia. Revista lucense de lingüística e literatura*, 8: 209-221.
- REY BRIONES, A. del (2007): *El cuento tradicional*. Madrid: Akal, Col. «Literaturas», nº 30.
- RISCO, V. (1928): «Ensaio d'un programa pr'o estudo da literatura popular galega». *Nós*, 56: 142-155.
- RODRÍGUEZ, J. (2016): *Contos e lendas arraianos* [contos tradicionais das terras da Gudiña e da Mezquita]. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- SACO, J. (1880): «De los cuentos populares». *Revista de Galicia. Semanario de Literatura, Ciencias y Artes*, 1: 1-2 e 2: 9-10.
- SOUTO, X. (2001): *Contos da Coruña*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, Col. «Crónica».



Estudos e Publicacións do Proxecto CORGORAL

- 1- O Proxecto CORGORAL. Unha proposta para a recolla da Literatura Galega de Tradición Oral no Concello do Corgo. *Lvcensia*, n.º 62. 2021.
- 2- O Proxecto CORGORAL. Documentar o Patrimonio Cultural Inmaterial en tempos de pandemia. IV Congreso Galego de Antropoloxía. 2021.
- 3- Orixe e significados dos nomes de lugar das parroquias e lugares. Toponimia do Concello do Corgo. Reimp. *Lvcensia*, n.º 34. 2021.
- 4- O Proxecto CORGORAL e a prensa escolar como fonte para a recompilación da Literatura Popular de Tradición Oral no Corgo. *Corga*, n.º 8. 2021.
- 5- O Proxecto CORGORAL e o adiviñanceiro tradicional do Concello do Corgo. *Lvcensia*, n.º 64. 2022.
- 6- Refraneiro tradicional do Corgo. *Lvcensia*, n.º 65. 2022.
- 7- Nomear a terra no Corgo: a toponimia local vista por un filólogo. *Corga*, n.º 9. 2022.
- 8- Oficios tradicionais no Corgo: Toño do Carrizo, o último ferreiro. *Corga*, n.º 9. 2022.
- 9- *Os Cantares do Entroido no Corgo: 1945-2022*. Caderno monográfico especial, 2023.
- 10- *Antoloxía poética do Primeiro Festival «ÉPICO no PALCO»*. Caderno monográfico especial, 2023.
- 11- *O patrimonio camiñeiro do Corgo. Posta en valor dos marcos legoeiros no antigo Camiño Real de acceso a Galicia*. Folleto divulgativo, 2023.
- 12- *Contos tradicionais do Corgo*. Caderno monográfico especial, 2023.

